



Sra. Conselleira
Consellería de Medio Ambiente e
Ordenación do Territorio
Xunta de Galicia

ASUNTO: "ORDE do 17 de abril de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a creación de superficies forestais, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2018", en adiante "a ORDE".

D. Serafín J. González Prieto, en nome e representación da SGHN na súa cualidade de Presidente da asociación,

EXPÓN:

- Que, segundo o establecido nos artigos 1 e 2, a "orde ten por obxecto establecer as bases que regulan as axudas para a creación de superficies forestais en terras non agrícolas" e contempla como zonas excluídas "Os terreos que se atopan en hábitats prioritarios establecidos na Directiva 92/43/CEE" pero obvia a todos os hábitats de interese comunitario que poidan atoparse en "parcelas Sixpac catalogadas como Forestal (FO), pasto con arboredo (PA) ou pasto arbustivo (PR)" de xeito que poderían subvencionarse forestacións en:
 - matogueiras secas (4030),
 - outras tipoloxías arbustivas (4060, 4090, 5120),
 - rochedos (8130, 8210, 8220, 8230, 8310),
 - dunas (2110, 2130, 2190, 2230, 2260),
 - lagoas (3110, 3120, 3130, 3140, 3150, 3160),
 - hábitats turfófilos (7140, 7150, 7230),
 - cantís (1210, 1220, 1230),
 - marismas (1310, 1320, 1330, 1420),
 - outros tipos de hábitats herbáceos (6160, 6170, 6410, 6420, 6430, 6510, 6520).
- Que, como o ámbito de aplicación da ORDE é "todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia" inclúe tamén:
 - A Rede Natura 2000 polo que a ORDE fomenta a destrución de hábitats de interese comunitario dentro da Rede Natura 2000 (de feito os proxectos en Rede Natura recibirían 5 puntos adicionais) para a plantación de especies que en moitos casos son exóticas, como todas as coníferas do Anexo I da ORDE e algunha das frondosas do Anexo II (castiñeiro híbrido, nogueira americana).
 - Os hábitats de todas as especies non forestais incluídas nos catálogos galego e español de especies ameazadas.
- Que, polo indicado nos dous puntos anteriores, a ORDE entraría en total conflito coa regulación establecida polo Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia (Decreto 37/2014), e co marco legal sobre hábitats e especies ameazadas a nivel europeo (Directiva 92/43/CEE; Directiva 2009/147/CE), estatal (Ley 42/2007; Real Decreto 139/2011; Orden MAM/2784/2004; Orden AAA/1771/2015) e autonómico (Lei 9/2001; Decreto 88/2007; Decreto 167/2011; Orde do 6 de maio de 2014).

REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA

REGISTRO DO CENTRO DE ATENCIÓN AO CIDADÁN (DR. TEIXEIRO)
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 11/05/2018 11:20:58

ENTRADA 11259 / RX 1277282





Por todo o cal,

SOLICITA:

Que na súa cualidade de Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio inicie todas as xestións oportunas no ámbito das súas competencias para que á maior brevidade posible se proceda a subsanar a ORDE cunha corrección de erros para que se exclúan do ámbito de actuación non só os hábitats de conservación prioritaria senón tamén os hábitats de interese comunitario establecidos pola Directiva 92/43/CEE e os hábitats de todas as especies ameazadas.

En Santiago de Compostela a 11 de maio de 2018

O Presidente da SGHN,

Serafín González Prieto